

O QUE PASABA EN 1995

NO MUNDO:



Estados Unidos consegue que serbios, croatas e musulmáns asinen a paz en Dayton.

Un ultradereitista xudeu asasina ao primeiro ministro israelí, Isaac Rabin.

Canadá impide con actos de piratería que os pesqueiros galegos faenen no Atlántico


Norte.

O Goberno francés inicia unhas probas nucleares no atolón de Mururoa.

O Partido Socialista portugués gaña as eleccións tras 10 anos de Goberno liberal.

EN GALICIA:

Decreto de presenza do galego no ensino non universitario.



Importantes mobilizacións pola crise do fletán.

Ramiro Fonte publica o libro de poemas "Luz do mediodía".

Mobilizacións en Coruña a favor do Hospital Militar e en Cerceda en contra da planta de incineración que se construíra alí.

O día das letras é adicado a Rafael Dieste.

EN ESPAÑA:



A policía detén en Laos ao exdirector da Garda Civil L. Roldán.


José María Aznar, líder da oposición, sofre un atentado de ETA. O Partido Popular gaña as eleccións municipais nas principais capitais de provincias españolas.

Javier Solana é nomeado secretario xeral da OTAN.

España padece unha das secas máis rigorosas deste século.

Miguel Indurain é o primeiro ciclista da historia que gaña cinco Tours de Francia consecutivos.

EN ELVIÑA:

**Curso 95-96**

Cambia a Vicedirección na persoa de Marta González Ferreiro.

Coincidindo co ano de erradicación da pobreza (1996), desenvólvese a exposición "A outra cara da Coruña": fotografías de alumnos da Escola de Arquitectura sobre

asentamentos marxinais da cidade.

-Día da Paz: Recollida de xoguetes en bo estado para os nenos de Cuba, en colaboración co concello de Oleiros

-Exposición: "A violencia a través da prensa", realizada polo departamento de Matemáticas

O grupo Sardiña inaugura o Festival Europeo de Teatro Grecolatino de Segóbriga coa obra "Gemelos"

-Representábase no Centro "O cantante e as mulleres", polo grupo Migallas, organizado polo Equipo de Normalización Lingüística.

-Alumnos de varios cursos asisten no Teatro Rosalía de Castro á representación de "Lazarillo de Tormes", organizado polo Departamento de L. Española.

Asistencia a un xuízo no Pazo de Xustiza polos alumnos da EATP Comercio.

